Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Alma Gómez Rodríguez

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Gráficas Muriel, S.A.
D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo


Coa colaboración da Fundación Española
para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT),
Ministerio de Ciencia, Innovación e
Universidades

Ola! Chámome Alma. Son enxeñeira informática
na Universidade de Vigo, en Ourense.

Cando era pequena, gustábame moito preguntar.
Preguntaba como funciona un reloxo,
que hai dentro dunha boneca ou
por que ás veces as persoas están tristes.
As persoas adultas sorrían.
Sabían que eu tiña moita curiosidade.
Empecei a traballar cando
aínda estaba estudando.
Había falta de persoas informáticas e
unha empresa contratou estudantes.

Os primeiros anos na facultade foron moi bos. O
profesorado traballou unido para crear o centro:
montamos laboratorios, fixemos normas,
impartíamos clases e
tamén empezamos a investigar.

Co paso do tempo, participei en varios proxectos. Axudamos a lanzar pequenos satélites ao espazo. Tamén usamos drons para ver incendios. E empregamos intelixencia artificial para resolver problemas reais.



Dron

Vehículo voador que non leva ningunha persoa dentro.
Contrólase a distancia, usando un mando, un teléfono móvil ou unha tableta.

Agora traballo en intelixencia artificial.
Isto significa crear programas que parecen "intelixentes".
Eu traballo con sistemas multiaxente e creo as regras para que estes programas funcionen ben.
Con eles podemos axudar a apagar incendios ou mellorar hospitais.

Sistemas multiaxente

Son moitos programas pequenos que colaboran entre eles para facer un traballo mellor.

Investigar é moi especial.
Investigar non é só descubrir cousas,
pode servir para axudar ás persoas.
Cando atopas unha solución,
sentes alegría e orgullo.
Pensa nunha casa intelixente
que coida dunha persoa maior.
Pode avisar se pasa algo malo.
Isto axuda ás familias e dá seguridade.


Casa intelixente

Unah casa intelixente é un fogar que utiliza a tecnoloxía para automatizar tarefas, facéndoo máis cómodo, seguro e eficiente.

É como se a casa que "entendese" as necesidades e así pode axudar a controlar luces, a temperatura ou a seguridade, incluso cando non está ninguén na casa.



Tamén me gusta explicar o que facemos.
Participo na feira "eXXperimenta en Feminino"
na que facemos obradoiros para estudantes.
Queremos que vexan que as mulleres
tamén somos científicas e enxeñeiras.
Algunhas rapazas decidiron estudar ciencia
grazas a esta feira. Iso fai moita ilusión.





Na miña vida persoal, gústame ler
e escoitar música.
A miña familia é moi importante.
A miña nai é o meu exemplo.
Ela traballou moito e
sempre fixo o que cría xusto.
Ensinoume a ser forte e a non renderme.
Grazas a ela,
sei que o esforzo paga a pena.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN